

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP ESPEDREGADA  
CURSO: 6º DE PRIMARIA  
DATA: 13/5/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**



## 1. MATEMÁTICAS 6º PRIMARIA:

### Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).	MTB2.1.2 - Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B2.5. Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.	MTB2.5.1 - Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións MTB2.5.2 - Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.
B2.6. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado.	MTB2.6.3 - Realiza operacións con números decimais.
	MTB2.6.4 - Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.
B2.8. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	MTB2.8.1 - Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións).
	MTB2.8.12 - Elabora e emprega estratexias de cálculo mental
B2.9. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao	MTB2.9.1 - Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos

seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.

## 1. LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 6º PRIMARIA:

### Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario preciso e estrutura coherente	LCB1.3.1 - Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.
	LCB1.3.2 - Expresa as súas propias ideas comprensiblemente, substituíndo elementos básicos do modelo dado.
B1.4. Analizar e valorar con sentido crítico as mensaxes orais	LCB1.4.2 - Comprende a información xeral en textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.
B2.1. Ler en voz alta diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada.	LCB2.1.1 - Le en voz alta, con precisión, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada.
B2.9. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para a procura e tratamento da información.	LCB2.9.2 - Interpreta a información e fai un resumo da mesma.
B3.1. Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas coidando a caligrafía, orde e presentación.	LCB3.1.2 - Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
B3.7. Levar a cabo o plan de escritura que de resposta a unha planificación sistemática de mellora da eficacia escritora e fomenta a creatividade.	LCB3.7.1 - Planifica e redacta textos seguindo uns pasos: planificación, redacción, revisión e mellora. - Determina con antelación como será o texto, a súa extensión, o tratamento autor/a-lector/a e a presentación. - Adapta a expresión á intención, tendo en conta ao interlocutor e o

	asunto de que se trata. - Presenta os escritos con limpeza, claridade, precisión e orde os escritos. - Reescribe o texto.
B4.3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	LCB4.3.3 - Recoñece e usa correctamente as normas ortográficas nas súas producións escritas.
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua	LCB4.4.2 - Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita.
	LCB4.4.3 - Aplica correctamente as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto.
	LCB4.4.4 - Usa con corrección os signos de puntuación.
B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións, e fragmentos teatrais.	LCB5.4.1 - Crea textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións.

## 1. LINGUA GALEGA E LITERATURA 6º PRIMARIA:

### Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.7. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.	LGB1.7.1 - Planifica e elabora un discurso oral coherente, sen contradicións nin repeticións innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.
B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e realizar inferencias determinando intencións e dobres sentidos	LGB2.1.1 - Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás. LGB2.1.3 - Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.
B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto, e esquematizar e resumindo seu contido	LGB2.3.2 - Esquematiza as ideas dun texto, indicando as ideas principais e secundarias. LGB2.3.3 - Realiza o resumo dun texto.
B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura.	LGB2.6.1 - Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.
B3.1. Usar as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto	LGB3.1.1 - Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas, guións ou mapas conceptuais. LGB3.1.2 - Elabora o texto cunha estrutura clara, con coherencia e cohesionando os enunciados. LGB3.1.4 - Aplica a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa unha linguaxe non sexista.



<p>B3.2. Producir textos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.</p>	<p>LGB3.2.3 - Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.</p>
<p>B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, implícita e funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.</p>	<p>LGB4.1.1 - Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.</p>
<p>B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.</p>	<p>LGB4.2.1 - Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas, e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.</p>
<p>B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.</p>	<p>LGB4.3.1 - Emprega con correccións os signos de puntuación.</p>

## 1. CIENCIAS SOCIAIS 6º PRIMARIA:

### Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1.Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas)	CSB1.1.1 - Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito.
B1.2.Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias sociais.	CSB1.2.2 - Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.
B1.3.Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.	CSB1.3.1 - Emprega con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados.
	CSB1.3.2 - Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos.
B1.4.Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, amosando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo.	CSB1.4.1 - Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupo que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.
B2.4.Identificar as principais unidades de relevo de Europa, os seus climas e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.	CSB2.4.1 - Localiza nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima.

B3.5. Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes recoñecendo as principais actividades económicas de España e Europa.

CSB3.5.1 - Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.

## 1. CIENCIAS NATURAIS 6º PRIMARIA:

### Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.	CNB1.1.1 - Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións. CNB1.1.2 - Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.
B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e establecer algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.	CNB2.1.1 - Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.
B2.2. Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, cuidados etc.	CNB2.2.1 - Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.
B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.	CNB3.1.1 - Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.
B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	CNB3.2.1 - Identifica as características e clasifica os seres vivos: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos. Outros reinos.

## 1. VALORES SOCIAIS E CÍVICOS 6º PRIMARIA:

### Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.6. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.	VSCB1.6.2 - Identifica, define problemas sociais e cívicos e implanta solucións potencialmente efectivas.
B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	VSCB3.3.4 - Respecta as normas do centro escolar.
B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	VSCB3.4.4 - Analiza as emocións, sentimentos, posibles pensamentos e puntos de vista das partes en conflito.
B3.7. Comprender o que é un dilema moral e resolver dilemas morais para detectar prexuízos relativos ás diferenzas culturais.	VSCB3.7.3 - Analiza e resolve dilemas morais en situacións reais e simuladas.
B3.9. Expresar a relevancia de preservar os dereitos de libre expresión e opinión, liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión realizando traballos de análise e síntese.	VSCB3.9.2 - Comprende, interpreta e acepta opinións diferentes ás propias.
B3.10. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres.	VSCB3.10.1 - Axuíza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.

## 1. INGLÉS 6º PRIMARIA:

<b>Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
<p>PLE-B1.1-Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.</p>	<p>6º-PLEB1.1 - Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.).</p>
<p>PLE-B1.2-Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.</p>	<p>6º-PLEB1.3 - Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).</p>
<p>PLE-B1.3-Utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.</p>	<p>6º-PLEB1.5 - Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.</p>
<p>PLE-B1.4-Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.</p>	<p>6º-PLEB1.6 - Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que</p>

<p>PLE-B2.1-Participar de maneira simple e comprensible en conversas moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación da persoa interlocutora para manter a comunicación.</p> <p>PLE-B2.2-Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricado ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar.</p> <p>PLE-B2.3-Articular, de maneira polo xeral comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo.</p>	<p>conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.</p> <p>6º-PLEB2.1 - Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.</p>
---	--

<p>PLE-B2.4-Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que resulten evidentes e frecuentes os titubeos iniciais, as vacilacións, as repeticións e as pausas para organizar, corrixir ou reformular o que se quere dicir.</p> <p>PLE-B2.5-Interactuar de maneira moi básica, utilizando técnicas moi simples, lingüísticas ou non verbais (p. e. xestos ou contacto físico) para iniciar, manter ou concluír unha breve conversa.</p>	
<p>PLE-B3.4-Recoñecer os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente, e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.</p>	<p>6º-PLEB3.6 - Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ?, @, ?).</p>
<p>PLE-B5.1- Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz ou contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.</p>	<p>6º-PLEB5.1 - Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.</p>
<p>PLE-B5.3-Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información, unha orde, ou un</p>	<p>6º-PLEB5.3 - Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar</p>



<p>ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche conversacional, ou os puntos dunha narración esquemática, inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).</p>	<p>as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).</p>
<p>PLE-B5.4-Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral ou escrita (p. e estrutura interrogativa para demandar información).</p>	<p>6º-PLEB5.4 - Participa nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe.</p>
<p>PLE-B5.5-Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral ou escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.</p>	<p>6º-PLEB5.5 - Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.</p>

## 1. PLÁSTICA 6º PRIMARIA:

### Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
EP-B1.1-Formular opinións cun criterio estético, oralmente ou por escrito, que expresen o respecto e a riqueza das achegas que ofrecen as manifestacións artísticas (plásticas, visuais ou musicais), apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores.	6º-EPB1.1.2 - Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes
	6º-EPB1.1.3 - Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.
	6º-EPB1.1.4 - Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas.
	6º-EPB1.1.5 - Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo.
	6º-EPB1.1.6 - Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos.
EP-B1.2-Aproximarse á lectura, a análise e a interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo de maneira crítica o significado e a función social, con capacidade para elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.	6º-EPB1.2.6 - Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic.
EP-B1.3-Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a busca, creación e difusión de imaxes fixas e en movemento.	6º-EPB1.3.2 - Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa

<p>EP-B2.1-Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.</p>	<p>6º-EPB2.1.1 - Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.</p>
	<p>6º-EPB2.1.2 - Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.).</p>
	<p>6º-EPB2.1.3 - Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.</p>
	<p>6º-EPB2.1.4 - Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura.</p>
	<p>6º-EPB2.1.5 - Valora os elementos e os recursos empregados para alcanzar o efecto que máis se axuste ás propias necesidades.</p>
<p>EP-B2.2-Representar volumes utilizando recursos como cores, claroscuros, corte, dobra e encartado.</p>	<p>6º-EPB2.1.9 - Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.).</p>
	<p>6º-EPB2.2.3 - Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade</p>
<p>EP-B2.3-Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural, e adquirir unha actitude de respecto e valoración dese patrimonio.</p>	<p>6º-EPB2.3.1 - Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade.</p>
	<p>6º-EPB2.3.2 - Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas.</p>
	<p>6º-EPB2.3.3 - Coñece algunha profesión do ámbito artístico, interésase</p>

	<p>polas características do traballo de artistas e artesáns ou artesás, e goza como público coa observación das súas producións</p>
<p>EP-B2.5-Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as.</p>	<p>6º-EPB2.5.1 - Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.</p>
	<p>6º-EPB2.5.2 - Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.</p>
	<p>6º-EPB2.5.3 - Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.</p>
<p>EP-B3.1-Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea o alumnado, en relación cos conceptos xeométricos recollidos na área de matemáticas coa súa aplicación gráfica.</p>	<p>6º-EPB3.1.1 - Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízalos nas súas composicións con fins expresivos.</p>
	<p>6º-EPB3.1.12 - Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples.</p>
	<p>6º-EPB3.1.13 - Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.</p>
<p>EP-B3.2-Iniciarse no coñecemento e no manexo dos instrumentos e dos materiais propios do debuxo técnico, e empregalo adecuadamente.</p>	<p>6º-EPB3.1.15 - Recoñece, clasifica e constrúe os polígonos elementais, apreciando as súas diferenzas e similitudes.</p>
	<p>6º-EPB3.2.1 - Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados.</p>

## 1. MÚSICA 6º PRIMARIA:

### Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias	EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso
B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias.
B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario <del>ou en grupo</del> , mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, <del>asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección.</del>	EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento

## 1. EDUCACIÓN FÍSICA 6º PRIMARIA:

### Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
EF B1.2. Extraer e elaborar información relacionada con temas de interese na etapa, e , utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de apoio á área	EFB.1.2.1 - Utiliza as novas tecnoloxías para localizar e extraer a información que se lle solicita.
	EFB.1.2.2 - Presenta os seus traballos atendendo ás pautas proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza e utilizando programas de presentación.
EF- B3.1 Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz	EFB.3.1.1 - Realiza desprazamentos adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas axustándose a parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural
EF-B3.1 Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz	EFB.3.1.2 - Realiza a habilidade motriz básica de salto adaptándose a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.
EF-B3.1 Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz	EFB.3.1.3 - Adapta as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción, golpeo etc.) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas interiorizando e aplicando os xestos cos segmentos dominantes e iniciando a práctica cos non dominantes.

<p>EF-B3.1 Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz</p>	<p>EFB.3.1.4 - Aplica as habilidades motrices de xiro a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas tendo en conta os dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais e intentando manter o equilibrio postural.</p>
<p>EF-B3.1 Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz</p>	<p>EFB.3.1.5 - Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.</p>

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<u>Procedementos de avaliación:</u> <ul style="list-style-type: none"><li>→ Análise das producións solicitadas ao alumnado</li><li>→ Uso das TICs</li><li>→ Recompilación dos materiais</li><li>→ Verificación das achegas solicitadas polo profesorado.</li></ul>
	<u>Instrumentos:</u> <ul style="list-style-type: none"><li>→ Traballos realizados polo alumnado a petición do profesorado:</li><li>→ Rexistro dos materiais empregados</li><li>→ Portafolio</li><li>→ Autoavaliación</li><li>→ Rubricas de avaliación</li><li>→ Cuestionarios</li></ul> <p>A terceira avaliación terá un sentido diagnóstico, avances realizados, dificultades atopadas, atrasos... a valoración de todo o rexistrado nos permitira obter datos cualitativos para facer os informes e as programacións de cara ao curso 2020-21 o máis precisos posibles coa finalidade de coñecer onde se precisa reforzar, ampliar ou recuperar e que aprendizaxes precisan dunha maior atención.</p>



<p><b>Cualificación final</b></p>	<p>Para a avaliación ordinaria teremos en conta principalmente a primeira e segunda avaliación. Será unha <b><u>valoración só en positivo</u></b>, podéndose recuperar as materias pendentes nas anteriores avaliacións, para iso valorase o esforzo e o traballo do alumnado que se atope na necesidade de recuperar a materia pendente.</p> <p>A nota final de todo o alumnado poderase ver incrementada ( nunca diminuída) en función da valoración do esforzo e os traballos recibidos durante este período excepcional.</p>
-----------------------------------	--

## 1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<p>As actividades destas materias están, centradas no reforzo e repaso dos contidos traballados ata o estado de alarma, amais se traballan actividades de ampliación sempre de atendendo a contidos xa traballados e en relación ao desenvolvemento das <u>competencias clave</u>.</p> <p>Entre as distintas actividades cabe destacar que son <u>actividades individuais, abertas, flexibles e cun carácter voluntario</u>. Se combinan actividades virtuais e actividades tradicionais Das actividades concretas marcadas polos titores/as das actividades individuais recibidas se farán composicións grupais co obxectivo de manter un vinculo co traballo cooperativo, e entre iguais que favoreza o compromiso e a coordinación entre o grupo.</p> <p>En liñas xerais as actividades traballadas son:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Tarefas de investigación/experimentación con distintos materiais e técnicas</li><li>- Actividades individuais dentro dun “proxecto/actividade” de centro</li><li>- Actividades online interactivas ou de gamificación.</li><li>- Creacións audiovisuais</li><li>- Actividades de creación libre....</li></ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p>Neste momento estamos vivindo unha situación social, familiar e económica de emerxencia polo que a metodoloxía a nivel de centro e de aula experimentou certos cambios.</p> <p>Seguimos traballando na mesma liña, empregando unha metodoloxía flexible, aberta e activa na que o alumnado é fundamental no proceso de ensino-aprendizaxe.</p> <p>Atopámonos nun momento de constantes modificacións educativas polo estado de alarma e o feito de traballar dende casa implica facer tarefas altamente motivadoras para o noso alumnado, buscando centros de interese e temas transversais, ademais de ser máis flexibles, permitindo que fagan as actividades cos medios que teñen á</p>

súa disposición.

Establecese unha constante comunicación co alumnado e as súas familias mantendo o vínculo afectivo e favorecendo o grao de adquisición das competencias clave.

Despois da enquisa feita ao alumnado sabemos que todos dispoñen de conectividade e por iso usamos:

- Blogs creados polos mestras/mestres para mostrar tanto as actividades como as finalidades e recursos.
- Un correo electrónico para o contacto coas familias e co alumnado.
- Videoconferencias
- Carpetas de Google Drive individuais co alumnado para o traslado dos distintos traballos.
- Abalar móbil para as notificacións e información.
- Páxina web do centro.

Para o alumnado con brecha dixital o centro prestoulle asesoramento e envioulles ordenadores. Para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE) elaborouse material de estimulación lingüística, de atención, de comprensión lectora e escritura, de razoamento matemático e de Lingua Galega en relación a o programa de adquisición de linguas para alumnado estranxeiro. O material elaborado en coordinación o profesorado de PT e AL co profesorado titor que se lle fai chegar ao alumnado en lotes de documentación impresa.

O Departamento de Orientación continuará co desenvolvemento das actuacións, medidas e programas para a atención á diversidade establecidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade do centro entre eles o programa de estimulación lingüística na educación infantil, as adaptacións curriculares e os apoios educativos adaptados á situación de confinamento de alumnado e profesorado, e asesorando os diferentes membros da comunidade educativa, preferentemente, para o coidado do seu benestar emocional.

A **comunicación e coordinación** entre o equipo docente é o **piar principal desta metodoloxía**. Amais hai unha **coordinación**

	<p><b>constante co DO</b> para atender ao alumnado con NEAE, cun traballo específico. pesar da circunstancia especial</p> <p>É importante subliñar que a pesar da circunstancia excepcional que se está a vivir o profesorado atende as súas funcións e non se esquecer ningunha delas e entre as mesmas, están as <b><u>actividades complementarias</u></b>, que dende as distintas coordinacións se fai un especial esforzo para o seu desenvolvemento tal e como se recolle no calendario escolar.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>Estamos poñendo a disposición de todo o alumnado as ferramentas necesarias para que poidan continuar dende a súa casa o traballo iniciado nas aulas, para isto as TIC están sendo un elemento fundamental nestes momentos tanto para comunicarnos co alumnado e coas familias como para que podan continuar traballando na casa.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Materias, xogos e actividades audiovisuais creados polos docentes.</li> <li>- Materiais elaborados polo propio alumnado.</li> <li>- Fontes e recursos adaptados das redes.</li> <li>- Libro de texto, cadernos e libretas.</li> <li>- Vídeos de creación propia dos docentes...</li> </ul>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Transmitirase información da adaptación das programacións para este 3º trimestre ás familias a través da plataforma Abalar móbil explicándolle onde poden ser consultadas.</li> <li>● Na información transmitida se lle explicará que é unha adaptación supervisada polo servizo de inspección, e de tal xeito, poden ser modificadas ou melloradas se fose o caso.</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	Publicarase na páxina web do centro.